

Informe sobre construcións almacens/galpóns agrícolas en parcelas de solo rústico (Concello de Oza Cesuras – Expediente XCP-22/020).

ANTECEDENTES

1.- O 21.07.2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1902733) oficio do Concello de Oza-Cesuras no que solicita se emita informe sobre a interpretación do artigo 35.1. g) da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG) e 50.1. g) do Regulamento da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, aprobado por *Decreto 143/2016, do 11 de febreiro*, que establece como uso posible en solo rústico construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacén agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.

En concreto pregunta se é posible autorizar galpóns/almacéns agrícolas para autoconsumo e se a edificación dos mesmos debe respectar os parámetros establecidos no artigo 39 da LSG.

2.- Co oficio achegase informe do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña relativo a autorización de construcións auxiliares e almacéns no solo rústico.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo polo que se crea a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* correspóndelle a este órgano a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- Sobre o planeamento vixente do concello, deben terse en conta as seguintes disposicións:

1.- O artigo 6.3 do *Decreto 83/2013, do 6 de xuño, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e de Cesuras* e se constitúe o municipio de Oza-Cesuras sinala que *"ata que se produza a correspondente unificación normativa, as ordenanzas e demais normas aprobadas polos concellos de Cesuras e Oza dos Ríos seguirán vixentes nos seus respectivos ámbitos territoriais"*.

2.- A disposición transitoria segunda da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, (LSG), relativa á adaptación do planeamento urbanístico, establece no seu apartado cuarto o seguinte:

"4. No caso dos concellos fusionados, os plans que estean en tramitación nalgún dos concellos na data de entrada en vigor desta lei poderán continuar a súa tramitación"

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



conforme ao previsto nos números anteriores, sempre que o outro concello conte cun plan xeral de ordenación municipal adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

De non terse iniciado a tramitación, o concello fusionado poderá tramitar un plan xeral de ordenación municipal referido unicamente ao ámbito territorial que, con anterioridade á fusión, correspondía a un dos concellos fusionados, sempre que, conforme ao indicado, o ámbito territorial que correspondía ao outro concello conte con plan xeral de ordenación municipal adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro.

En todo caso, mentres non se produza a aprobación dun plan xeral que abrangue o novo límite do termo municipal, no concello resultante da fusión seguirá vixente a ordenación urbanística aprobada.”

3.- O antigo Concello de Oza dos Ríos conta cun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente o 29.10.2001, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 22.01.2002 e no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña* núm. 708 do 29.02.2002.

4.- O antigo Concello de Cesuras réxese polas Normas Subsidiarias de Planeamento do termo municipal de Cesuras (NN.SS.) publicadas no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 68 do 24.03.1997 e no *Diario Oficial de Galicia* do 05.06.1997.

5.- A disposición transitoria primeira da LSG, relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece:

“2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...]

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei par o solo rústico.”

Así, no solo rústico do Concello de Oza-Cesuras, estea situado no antigo concello de Oza dos Ríos ou no concello de Cesuras, aplicárase o réxime xurídico regulado na LSG e no RLSG para o solo rústico.

TERCEIRA.- O artigo 35 da LSG regula os usos e actividades admisibles en solo rústico sinalando como usos permitidos no seus apartados 1.g) e 1.h) os seguintes:

“g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros (artigo 35.1.g) da LSG).

h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos en que se aloxen, manteñan ou críen animais e instalacións apícolas (artigo 35.1 h da LSG).”

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Polo tanto, na listaxe de usos e actividades admisibles en solo rústico do artigo 35.1 da LSG recóllense as construcións e instalacións agrícolas en xeral, entres as que se inclúen expresamente as destinadas a apoio das explotacións hortícolas e os almacéns agrícolas, así como as construcións e instalacións destinadas ao apoio a gandería, o que abarca granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan e críen animais.

En principio é legalmente posible facer en solo rústico galpóns ou almacéns agrícolas de autoconsumo, pois o que permite o referido precepto legal son construcións que sirvan de apoio ás actividades agrícolas ou gandeiras en xeral, en coherencia coa facultade dos propietarios no solo rústico de usar, disfrutar e dispor deles de conformidade coa súa natureza e o seu destino rústico, prevista no artigo 32 LSG.

CUARTA.- A implantación do galpón/almacén agrícola, como os demais usos e actividades enumerados no artigo 35.1 da LSG, debe cumprir os requisitos recollidos establecidos no 39 da LSG e 60 a 62 do RLSG relativos as condicións de edificación en solo rústico.

Estes artigos non fan ningunha excepción ao cumprimento das condicións de edificación establecidas neles para os galpóns/almacéns, polo que cando as citadas construcións cumpra os requisitos establecidos nos citados artigos deben considerarse edificadas conforme a lei.

No obstante o anterior, para este suposto concreto debe terse en conta o establecido no artigo 50.1 do RLSG, que desenvolve o artigo 35 da LSG, que advirte que estas construcións e instalacións responderán as características, dimensións e configuración propias do medio rural galego e que en ningún caso poderán destinarse a uso residencial, polo que queda prohibido que consten con instalacións que no seu conxunto, denoten ese uso.

CONCLUSIÓN

1.- A construción de galpóns/almacéns agrícolas de autoconsumo é un uso permitido en solo rústico de acordo co establecido no artigo 35 da LSG, sen necesidade de que os mesmos estean vinculados a unha actividade mercantil, se ben debe existir actividade agrícola ou gandeira na parcela a que dita construción sirva, pois o que se permite no referido precepto legal son os almacéns que sirven de apoio a este tipo de actividades.

2.- A construción dos mesmos debe cumprir os requisitos establecidos no artigo 39 da LSG e 60 a 62 da RLSG sen excepción algunha ao seu cumprimento e tendo en conta o sinalado no artigo 50.1. g) e h) do RLSG.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de*

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Ordenación do Territorio e Urbanismo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

